



## PROPOSTA DA SECRETARÍA XERAL DE CULTURA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓNS A INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO, ENTIDADES LOCAIS GALEGAS E AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS, DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECIONADO, 2018

Anxo Manuel Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura, vista a acta da Comisión da Avaliación constituída para examinar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 26 de febreiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado (DOG núm. 62, de 28 de marzo de 2018), e consonte o establecido no artigo 10 da dita Orde,

### PROPÓN:

**Primeiro.** Aprobar a listaxe de solicitudes admitidas e puntuacións correspondentes, incluíndo aquelas solicitudes que non acadaron as puntuacións mínimas establecidas nos artigos 3.4 e 10 da Orde.

As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I que se xunta, ordenadas por número de expediente:

- Anexo I.a): Institucións sen fin de lucro, que comeza pola Asociación Cultural Ameixa Rock e remata na Asociación Teleclub.
- Anexo I.b): Entidades locais galegas e agrupacións de concellos, que comeza polo Concello de Bande e remata no Concello de Sarria.

**Segundo.** Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 4 da orde, así como aquelas que non conteñen toda a documentación esixida polo artigo 5.2 da Orde de 26 de febreiro de 2018, despois de ter requirida a emenda de documentación, e transcorrido o prazo de emenda (Anexo II).

**Terceiro.** Publicar a proposta de resolución provisional coas listaxes correspondentes no portal web [www.cultura.gal](http://www.cultura.gal).

**Cuarto.** Segundo establece o artigo 10, ábrese un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente documento no portal web, para a presentación de alegacións, as cales irán dirixidas á Secretaría Xeral de Cultura no lugar e forma indicados no artigo 5 da Orde de convocatoria.

En todo caso, os concellos e entidades que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Secretaría Xeral de Cultura, Servizo de Xestión Administrativa, no seguinte enderezo: [xestion-administrativa.cultura@xunta.gal](mailto:xestion-administrativa.cultura@xunta.gal), no cal indicarán o día en que se presentou a alegación e o motivo da mesma.

O secretario xeral de Cultura  
Anxo M. Lorenzo Suárez

